



Acompañamento espiritual. Vida, tradición e teoloxía

Pilar Wirtz Molezún



1.- Acompañamento e espiritualidade: unha experiencia persoal

Acompañamento e espiritualidade. Dúas palabras moi entrañables e queridas para min, que, ao longo do tempo, foron tomando corpo na miña vida e deixando unha fonda pegada. Síntoas como un don, como un gran regalo que me chegou dun xeito totalmente gratuíto e, ao mesmo tempo, doume conta de que foron obxecto de moito cultivo e dun intenso traballo persoal.

1.1. *Espiritualidade*

A espiritualidade foi a primeira en chegar, con ela vivín e crecín desde a miña adolescencia. Pouco a pouco, dun modo calado e confiado, foise apropiando da miña vida e chegando ata o cerne mesmo da miña existencia.

Tiña eu trece anos cando enfermou meu irmán, dous anos máis novo ca min. Unha tremenda doenza diagnosticada como meninxite tuberculosa centrou o coidado e a atención de toda a casa. Eu mesma non me separaba do seu lado ata que se viu conveniente apartarme daquel ambiente tan duro e doloroso e leváronme a vivir á casa das miñas primas.

Por aquel tempo, algo pasou no meu interior. Posiblemente unha sensación de soidade e abandono, non de todo consciente, deixou fluír moi intensamente unha forza interior, unha presenza moi íntima que me envolvía e catalizaba todo o meu ser. Recordo que, ás veces, naqueles longos tempos de «oración silenciosa» choraba desde dentro, desde unha experiencia de fonda «saudade», sentin-